



### CONCELLOS

#### ALFOZ

#### Anuncio

**PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 16 DE MAIO DE 2023 POLA QUE SE APROBA A DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL E CONVOCATORIA PARA A CONSTITUCIÓN E VALORACIÓN DE MÉRITOS, DO PROCESO SELECTIVO PARA O INGRESO COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA NO CONCELLO DE ALFOZ NUNHA (1) PRAZA DENOMINADA EDUCADOR/A FAMILIAR, INCLUÍDA NOA OEP DO ANO 2022, NA TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL Á QUE SE REFIRE A DISPOSICIÓN 6ª DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO, POLO SISTEMA DE CONCURSO, ACCESO LIBRE.**

Vistas as bases xerais e específicas que regulan os procesos selectivos excepcionais de estabilización de emprego temporal de longa duración, para o ingreso en prazas de persoal funcionario de carreira ou laboral fixo, no Concello de Alfoz incluídas no Oferta de Emprego Público do ano 2022 - Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Disposición adicional 6ª da Lei 20/2021), cota xeral, sistema de concurso, acceso libre, aprobadas en Resolución de Alcaldía 2022-928 de 20 de decembro de 2022 e publicadas no BOP da provincia de Lugo número 295 do 27 de decembro de 2022.

Vista a Resolución de Alcaldía de data 4 de abril de 2023, onde se procede a aprobar a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, e publicada no BOP de Lugo número 84 en data 13 de abril de 2023.

Vista a solicitude de colaboración realizada por este concello ó Servizo de Asistencia aos Concellos da Deputación Provincial de Lugo, para a formación do Tribunal do proceso selectivo da praza Educador/a Familiar polo sistema de concurso, acceso libre, cota xeral, incluída na OEP do ano 2022.

Visto que a Deputación Provincial de Lugo, realizou proposta de designación do persoal para formar parte do tribunal cualificador do procedemento selectivo excepcional de longa duración para o ingreso como persoal funcionario de carreira no Concello de Alfoz nunha praza denominada Educador/a Familiar, polo sistema de concurso, acceso libre, cota xeral, incluída na OEP do ano 2022 (BOP núm. 123, do 31.05.2022) na taxa adicional de estabilización á que se refire a da Disposición adicional 6ª da lei 20/2021, do 28 de decembro.

#### RESOLVO:

**Primeiro.-** Designar como membros do Tribunal de selección, encargado da valoración dos méritos na praza: EDUCADOR/A FAMILIAR ás seguintes persoas:

#### PRESIDENTE:

Titular: Don Xesús Arrizado Yáñez, técnico asesor de RRHH, adxunto ao xefe do Servizo de RRHH e Asistencia aos Concellos da Deputación de Lugo.

Suplente: Don Sergio Castiñeira López, responsable coordinador xestión tributaria concellos da Sección de Informática e Recadación da Deputación de Lugo.

#### VOGAIS:

Titular: Don José Ramón Gallego Fernández, psicólogo na Sección de Selección, Promoción e Carreira da Deputación de Lugo.

Suplente: Dona Silvia García López, xefa da Sección de Benestar Social e Igualdade da Deputación de Lugo.

Titular: Dona Iria Lamazares Fernández, diplomada en Traballo Social na Sección de Benestar Social e Igualdade da Deputación de Lugo.

Suplente: Dona Loreto Rodríguez Costas, xefa da Sección de Fomento da Deputación de Lugo.

Titular: Dona Ana María Abel Longarela, xefa do Servizo de Prevención de Riscos Laborais da Deputación de Lugo.

Suplente: Dona Carmen Lage Fernández, técnica de administración xeral - axente de emprego e desenvolvemento local na Sección de Innovación e Participación Cidadá da Deputación de Lugo.

**SECRETARIO/A:**

Titular: Don José Ferreiro Fernández, tesoureiro da Deputación de Lugo.

Suplente: Dona Leticia Rodríguez Díaz, secretaria-interventora no Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos da Deputación de Lugo.

COLABORADORA.- Dona Beatriz Valle Vara, administrativa na Sección de Selección, Promoción e Carreira da Deputación de Lugo.

**Segundo.-** Convocar ao Tribunal para a súa constitución e posterior valoración de méritos, o mércores día 7 de xuño de 2023, ás 9:45 horas, no Salón Verde da Deputación Provincial de Lugo.

**Terceiro.-** Publicar esta Resolución no Boletín Oficial da Provincia, na sede electrónica e no taboleiro de anuncios do Concello.

**Cuarto.-** Dar conta o Pleno na próxima sesión ordinaria que se celebre.

Alfoz, 16 de maio de 2023.- O Alcalde, Jorge Val Díaz.

R. 1538

---

*Anuncio*

**PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 16 DE MAIO DE 2023 POLA QUE SE APROBA A DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL E CONVOCATORIA PARA A CONSTITUCIÓN E VALORACIÓN DE MÉRITOS, DO PROCESO SELECTIVO PARA O INGRESO COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA NO CONCELLO DE ALFOZ NUNHA (1) PRAZA DENOMINADA AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A (ESCALA: ADMINISTRACIÓN XERAL), INCLUÍDA NOA OEP DO ANO 2022, NA TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL Á QUE SE REFIRE A DISPOSICIÓN 6ª DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO, POLO SISTEMA DE CONCURSO, ACCESO LIBRE.**

Vistas as bases xerais e específicas que regulan os procesos selectivos excepcionais de estabilización de emprego temporal de longa duración, para o ingreso en prazas de persoal funcionario de carreira ou laboral fixo, no Concello de Alfoz incluídas no Oferta de Emprego Público do ano 2022 - Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Disposición adicional 6ª da Lei 20/2021), cota xeral, sistema de concurso, acceso libre, aprobadas en Resolución de Alcaldía 2022-928 de 20 de decembro de 2022 e publicadas no BOP da provincia de Lugo número 295 do 27 de decembro de 2022.

Vista a Resolución de Alcaldía de data 4 de abril de 2023, onde se procede a aprobar a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, e publicada no BOP de Lugo número 84 en data 13 de abril de 2023.

Vista a solicitude de colaboración realizada por este concello ó Servizo de Asistencia aos Concellos da Deputación Provincial de Lugo, para a formación do Tribunal do proceso selectivo da praza Auxiliar Administrativo (Escala Administración Xeral) polo sistema de concurso, acceso libre, cota xeral, incluída na OEP do ano 2022.

Visto que a Deputación Provincial de Lugo, realizou proposta de designación do persoal para formar parte do tribunal cualificador do procedemento selectivo excepcional de longa duración para o ingreso como persoal funcionario de carreira no Concello de Alfoz nunha praza denominada Auxiliar Administrativo/a, polo sistema de concurso, acceso libre, cota xeral, incluída na OEP do ano 2022 (BOP núm. 123, do 31.05.2022) na taxa adicional de estabilización á que se refire a da Disposición adicional 6ª da lei 20/2021, do 28 de decembro.

**RESOLVO:**

**Primeiro.-** Designar como membros do Tribunal de selección, encargado da valoración dos méritos na praza: AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A (ESCALA: ADMINISTRACIÓN XERAL) ás seguintes persoas:

**PRESIDENTE:**

Titular: Don Xesús Arrizado Yáñez, técnico asesor de RRHH, adxunto ao xefe do Servizo de RRHH e Asistencia aos Concellos da Deputación de Lugo.

Suplente: Don José Ramón Gallego Fernández, psicólogo na Sección de Selección, Promoción e Carreira da Deputación de Lugo.

**VOGAIS:**

Titular: Dona Inmaculada Lovelle Varela, administrativa no Negociado de Recursos Propios e Tesouraría da Sección de Contabilidade e Contas da Deputación de Lugo.

Suplente: Don José Manuel Muras Rodrigo, técnico superior en desenvolvemento de aplicacións informáticas na Sección de Informática e Recadación da Deputación de Lugo. Titular: Don Jaime Rodríguez Lama, xefe Sección Procedementos Executivos da Deputación de Lugo.

Suplente: Don Mario Vila López, técnico de xestión no Centro de Artesanía e Deseño da Deputación de Lugo.

Titular: Dona María Teresa López Rodríguez, xefa Unidade Rexistro Xeral da Deputación de Lugo.

Suplente: Dona María Pilar Piñeiro Vázquez, xefa Unidade Recursos Doutras Entes, na Sección de Contabilidade e Contas da Deputación de Lugo.

#### **SECRETARIO:**

Titular: Don José Ferreiro Fernández, tesoureiro da Deputación de Lugo.

Suplente: Dona Leticia Rodríguez Díaz, secretaria-interventora no Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos da Deputación de Lugo.

COLABORADORA.- Dona Beatriz Valle Vara, administrativa na Sección de Selección, Promoción e Carreira da Deputación de Lugo.

**Segundo.-** Convocar ao Tribunal para a súa constitución e posterior valoración de méritos, o mércores día 7 de xuño de 2023, ás 9:00 horas, no Salón Verde da Deputación Provincial de Lugo.

**Terceiro.-** Publicar esta Resolución no Boletín Oficial da Provincia, na sede electrónica e no taboleiro de anuncios do Concello.

**Cuarto.-** Dar conta o Pleno na próxima sesión ordinaria que se celebre.

Alfoz, 16 de maio de 2023.- O Alcalde, Jorge Val Díaz.

R. 1539

### *Anuncio*

**PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 16 DE MAIO DE 2023 POLA QUE SE APROBA A DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL E CONVOCATORIA PARA A CONSTITUCIÓN E VALORACIÓN DE MÉRITOS, DO PROCESO SELECTIVO PARA O INGRESO COMO PERSOAL LABORAL FIXO NO CONCELLO DE ALFOZ DE CATRO (4) PRAZAS DENOMINADAS AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR (XORNADA PARCIAL 50%), INCLUÍDA NOA OEP DO ANO 2022, NA TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL Á QUE SE REFIRE A DISPOSICIÓN 6ª DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO, POLO SISTEMA DE CONCURSO, ACCESO LIBRE.**

Vistas as bases xerais e específicas que regulan os procesos selectivos excepcionais de estabilización de emprego temporal de longa duración, para o ingreso en prazas de persoal funcionario de carreira ou laboral fixo, no Concello de Alfoz incluídas no Oferta de Emprego Público do ano 2022 - Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Disposición adicional 6ª da Lei 20/2021), cota xeral, sistema de concurso, acceso libre, aprobadas en Resolución de Alcaldía 2022-928 de 20 de decembro de 2022 e publicadas no BOP da provincia de Lugo número 295 do 27 de decembro de 2022.

Vista a Resolución de Alcaldía de data 4 de abril de 2023, onde se procede a aprobar a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, e publicada no BOP de Lugo número 84 en data 13 de abril de 2023.

Vista a solicitude de colaboración realizada por este concello ó Servizo de Asistencia aos Concellos da Deputación Provincial de Lugo, para a formación do Tribunal do proceso selectivo de catro prazas de auxiliar de axuda no fogar (xornada parcial 50%) polo sistema de concurso, acceso libre, cota xeral, incluída na OEP do ano 2022.

Visto que a Deputación Provincial de Lugo, realizou proposta de designación do persoal para formar parte do tribunal cualificador do procedemento selectivo excepcional de longa duración para o ingreso como persoal laboral fixo no Concello de Alfoz en catro prazas denominadas "auxiliar de axuda no fogar"(xornada parcial 50%), polo sistema de concurso, acceso libre, cota xeral, incluídas na OEP do ano 2022 (BOP núm. 123, do 31.05.2022) na taxa adicional de estabilización á que se refire a da Disposición adicional 6ª da lei 20/2021, do 28 de decembro.

#### **RESOLVO:**

**Primeiro.-**Designar como membros do Tribunal de selección, encargado da valoración dos méritos nas 4 prazas de AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR (xornada parcial 50%) ás seguintes persoas:

**PRESIDENTE:**

Titular: Don Xesús Arrizado Yáñez, técnico asesor de RRHH, adxunto ao xefe do Servizo de RRHH e Asistencia aos Concellos da Deputación de Lugo.

Suplente: Don Sergio Castiñeira López, responsable coordinador xestión tributaria concellos da Sección de Informática e Recadación da Deputación de Lugo.

**VOGAIS:**

Titular: Don José Ramón Gallego Fernández, psicólogo na Sección de Selección, Promoción e Carreira da Deputación de Lugo.

Suplente: Dona Silvia García López, xefa da Sección de Benestar Social e Igualdade da Deputación de Lugo.

Titular: Dona Iria Lamazares Fernández, diplomada en Traballo Social na Sección de Benestar Social e Igualdade da Deputación de Lugo.

Suplente: Don Jesús Manuel Reguera López, coordinador xefe Apoio e Asuntos Sociais na Sección de Benestar Social e Igualdade da Deputación de Lugo.

Titular: Dona Ana María Abel Longarela, xefa do Servizo de Prevención de Riscos Laborais da Deputación de Lugo.

Suplente: Dona Carmen Lage Fernández, técnica de administración xeral - axente de emprego e desenvolvemento local na Sección de Innovación e Participación Cidadá da Deputación de Lugo.

**SECRETARIO/A:**

Titular: Don José Ferreiro Fernández, tesoureiro da Deputación de Lugo.

Suplente: Dona Leticia Rodríguez Díaz, secretaria-interventora no Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos da Deputación de Lugo.

COLABORADORA.- Dona Ana Pereira Marzán, responsable coordinadora procesos selectivos na Sección de Selección, Promoción e Carreira da Deputación de Lugo.

**Segundo.-** Convocar ao Tribunal para a súa constitución e posterior valoración de méritos, o mércores día 7 de xuño de 2023, ás 10:30 horas, no Salón Verde da Deputación Provincial de Lugo.

**Terceiro.-** Publicar esta Resolución no Boletín Oficial da Provincia, na sede electrónica e no taboleiro de anuncios do Concello.

**Cuarto.-** Dar conta o Pleno na próxima sesión ordinaria que se celebre.

Alfoz, 16 de maio de 2023.- O Alcalde, Jorge Val Díaz

R. 1540

---

*Anuncio*

**PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 16 DE MAIO DE 2023 POLA QUE SE APROBA A DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL E CONVOCATORIA PARA A CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL E CITACIÓN AOS SEUS MEMBROS E AS PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS PARA A REALIZACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN, DO PROCESO SELECTIVO PARA O INGRESO COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA NO CONCELLO DE ALFOZ NUNHA (1) PRAZA DENOMINADA AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A (ANIMADOR TURÍSTICO), INCLUÍDA NOA OEP DO ANO 2022, NA TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN Á QUE SE REFIRE O ARTIGO 2 DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO, POLO SISTEMA DE CONCURSO, ACCESO LIBRE.**

Vistas as bases xerais e específicas que regulan os procesos selectivos para o ingreso en prazas de persoal funcionario de carreira ou laboral fixo, no Concello de Alfoz incluídas no Oferta de Emprego Público do ano 2022 - Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema de concurso-oposición, acceso libre, aprobadas en Resolución de Alcaldía 2022-929 de 20 de decembro de 2022 e publicadas no BOP da provincia de Lugo número 295 do 27 de decembro de 2022.

Vista a Resolución de Alcaldía de data 4 de abril de 2023, onde se procede a aprobar a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, e publicada no BOP de Lugo número 84 en data 13 de abril de 2023.

Vista a solicitude de colaboración realizada por este concello ó Servizo de Asistencia aos Concellos da Deputación Provincial de Lugo, para a formación do Tribunal do proceso selectivo da praza Auxiliar Administrativo/a - Animador/a Turístico (50% xornada) polo sistema de concurso-oposición, acceso libre, cota xeral, incluída na OEP do ano 2022.

Visto que a Deputación Provincial de Lugo, realizou proposta de designación do persoal para formar parte do tribunal cualificador do procedemento selectivo excepcional de longa duración para o ingreso como persoal funcionario de carreira no Concello de Alfoz nunha praza denominada Auxiliar Administrativo/a (animador/a turístico), polo sistema de concurso-oposición, acceso libre, cota xeral, incluída na OEP do ano 2022 (BOP núm. 123, do 31.05.2022) na taxa adicional de estabilización á que se refire o artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro.

**RESOLVO:**

**Primeiro.-** Designar como membros do Tribunal de selección, encargado da valoración dos méritos na praza: AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A (ANIMADOR/A TURÍSTICO) ás seguintes persoas:

**PRESIDENTE:**

Titular: Don Xesús Arrizado Yáñez, técnico asesor de RRHH, adxunto ao xefe do Servizo de RRHH e Asistencia aos Concellos da Deputación de Lugo.

Suplente: Don Emilio Silva Otero, asesor técnico, no Servizo de Recursos Humanos e Asistencia aos Concellos da Deputación de Lugo.

**VOGAIS:**

Titular: Dona Mercedes Lamela López, xefa do Servizo de Cultura e Turismo da Deputación de Lugo.

Suplente: Don José Luis Varela Piñeiro, asesor técnico no Servizo de Cultura e Turismo da Deputación de Lugo.

Titular: Dona María Jesús Baamonde Díaz, xefa Negociado Tramitación Administrativa Turismo na Unidade de Promoción do Territorio e Turismo da Deputación de Lugo.

Suplente: Don José Manuel Neira González, xefe Negociado Tramitación Administrativa Rede Museística, na Rede Museística Provincial da Deputación de Lugo.

Titular: Dona Inmaculada Lovelle Varela, administrativa no Negociado de Recursos Propios e Tesouraría da Sección de Contabilidade e Contas da Deputación de Lugo.

Suplente: Don Manuel Amable Trabado Trabado, administrativo na Unidade de Obras e Plans do Servizo de Contratación e Fomento da Deputación de Lugo.

**SECRETARIO:**

Titular: Don José Ferreiro Fernández, tesoureiro da Deputación de Lugo.

Suplente: Dona Leticia Rodríguez Díaz, secretaria-interventora no Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos da Deputación de Lugo.

COLABORADORA: Dona Beatriz Valle Vara, administrativa na Sección de Selección, Promoción e Carreira da Deputación de Lugo.

**Segundo.-** Convocar ao Tribunal para a súa constitución, o luns día 4 de setembro de 2023, ás 9:00 horas, no Salón Verde da Deputación Provincial de Lugo.

**Terceiro.-** Cítase ao Tribunal e as persoas aspirantes admitidas para a realización do primeiro exercicio da fase de oposición, que terá lugar o mércores, 20 de setembro de 2023 ás 9:30 na Casa do Concello de Alfoz.

**Cuarto.-** Publicar esta Resolución no Boletín Oficial da Provincia, na sede electrónica e no taboleiro de anuncios do Concello.

**Cuarto.-** Dar conta o Pleno na próxima sesión ordinaria que se celebre.

Alfoz, 16 de maio de 2023.- O Alcalde, Jorge Val Díaz.

R. 1541

---

*Anuncio*

**PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 16 DE MAIO DE 2023 POLA QUE SE APROBA A DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL E CONVOCATORIA PARA A CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL E CITACIÓN AOS SEUS MEMBROS E AS PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS PARA A REALIZACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN, DO PROCESO SELECTIVO PARA O INGRESO COMO PERSOAL LABORAL FIXO NO CONCELLO DE ALFOZ NUNHA (1) PRAZA DENOMINADA OPERARIO/A DE SERVIZOS MÚLTIPLES, INCLUÍDA NOA OEP DO ANO 2022, NA TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN Á QUE SE REFIRE O ARTIGO 2 DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO, POLO SISTEMA DE CONCURSO, ACCESO LIBRE.**

Vistas as bases xerais e específicas que regulan os procesos selectivos para o ingreso en prazas de persoal funcionario de carreira ou laboral fixo, no Concello de Alfoz incluídas no Oferta de Emprego Público do ano 2022 – Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema de concurso-oposición, acceso libre, aprobadas en Resolución de Alcaldía 2022-929 de 20 de decembro de 2022 e publicadas no BOP da provincia de Lugo número 295 do 27 de decembro de 2022.

Vista a Resolución de Alcaldía de data 4 de abril de 2023, onde se procede a aprobar a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, e publicada no BOP de Lugo número 84 en data 13 de abril de 2023.

Vista a solicitude de colaboración realizada por este concello ó Servizo de Asistencia aos Concellos da Deputación Provincial de Lugo, para a formación do Tribunal do proceso selectivo da praza de Operario/a de servizos múltiples polo sistema de concurso-oposición, acceso libre, cota xeral, incluída na OEP do ano 2022.

Visto que a Deputación Provincial de Lugo, realizou proposta de designación do persoal para formar parte do tribunal cualificador do procedemento selectivo excepcional de longa duración para o ingreso como persoal laboral fixo no Concello de Alfoz nunha praza denominada Operario/a de servizos múltiples, polo sistema de concurso-oposición, acceso libre, cota xeral, incluída na OEP do ano 2022 (BOP núm. 123, do 31.05.2022) na taxa adicional de estabilización á que se refire o artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro.

#### **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Designar como membros do Tribunal de selección, encargado da valoración dos méritos na praza: OPERARIO/A DE SERVICIOS MÚLTIPLES ás seguintes persoas:

#### **PRESIDENTE:**

Titular: Don Xesús Arrizado Yáñez, técnico asesor de RRHH, adxunto ao xefe do Servizo de RRHH e Asistencia aos Concellos da Deputación de Lugo.

Suplente: Don Emilio Silva Otero, asesor técnico, no Servizo de Recursos Humanos e Asistencia aos Concellos da Deputación de Lugo.

#### **VOGAIS:**

Titular: Don José Fernández Parajes, xefe Sección Vías e Obras da Deputación de Lugo.

Suplente: Dona Marta Herbón Meilán, enxeñeira técnica de obras públicas no Servizo de Vías e Obras da Deputación de Lugo.

Titular: Dona Ana Belén Mera Arias, técnica superior de edificacións e obras da Unidade de Proxectos da Deputación de Lugo.

Suplente: Dona Mónica Marras, xefa do Servizo de Arquitectura da Deputación de Lugo.

Titular: Don Julián Mayor Couceiro, xefe Unidade de Mantemento e Conservación da Deputación de Lugo.

Suplente: Don Alfonso Fernández Alonso, coordinador xefe Vixilancia Vías Provinciais no Servizo de Vías e Obras da Deputación de Lugo.

#### **SECRETARIO:**

Titular: Don José Ferreiro Fernández, tesoureiro da Deputación de Lugo.

Suplente: Dona Leticia Rodríguez Díaz, secretaria-interventora no Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos da Deputación de Lugo.

**COLABORADOR:** Don Jose Ramón Gallego Fernández, psicólogo na Sección de Selección, Promoción e Carreira da Deputación de Lugo.

**Segundo.-** Convocar ao Tribunal para a súa constitución, o luns día 4 de setembro de 2023, ás 10:00 horas, no Salón Verde da Deputación Provincial de Lugo.

**Terceiro.-** Cítase ao Tribunal e as persoas aspirantes admitidas para a realización do primeiro exercicio da fase de oposición, que terá lugar o martes, 26 de setembro de 2023 ás 9:30 na Casa do Concello de Alfoz.

**Cuarto.-** Publicar esta Resolución no Boletín Oficial da Provincia, na sede electrónica e no taboleiro de anuncios do Concello.

**Cuarto.-** Dar conta o Pleno na próxima sesión ordinaria que se celebre.

Alfoz, 16 de maio de 2023.- O Alcalde, Jorge Val Díaz.

R. 1542

## CHANTADA

### Anuncio

#### **CONVOCATORIA.-BASES PARA A SELECCIÓN E CONTRATACIÓN DE DOUS/DUAS AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL POR UN PERIODO DE CATRO MESES PARA O EXERCIZO 2023.**

##### **PRIMEIRA.-OBXECTO DAS BASES XERAIS.**

1º.-As presentes bases teñen por obxecto establecer as normas e procedemento xenérico para a selección de dous/dúas auxiliares de policía local durante un período de catro meses no ano 2023.

O persoal seleccionado prestará servizos, de carácter temporal, no Concello de Chantada, sendo o seu cometido levar a cabo as tarefas propias de cada posto e que se desenvolven nas bases específicas e as súas funcións serán as establecidas na normativa de aplicación que se citará.

As presentes bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, así como no Taboleiro de anuncios da Casa Consistorial, no xornal de maior tirada no municipio e na páxina web municipal: [www.concellodechantada.org](http://www.concellodechantada.org)

Estas Bases son Xerais, polo cal acudirase a cada convocatoria concreta e específica regulada a través das Bases Específicas.

2º.-Característica das Prazas obxecto da convocatoria:

Denominación da praza	Auxiliar de Policía Local
Réxime: Art. 95 Lei 4/2007, do 20 de abril e artigo 46 do Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro.	Personal Laboral
Grupo	C
Subgrupo	C2
Nº de vacantes	2
Sistema de selección	Oposición
Duración:	4 meses/xornada completa

##### **SEGUNDA.-NORMATIVA DE APLICACIÓN.**

-Os artigos 34, 35, 95, 96, Disposición Adicional Primeira e segunda da Lei 4/2007, do 20 de abril, de Coordinación de Policía Local.

-Os artigos 46 a 50 do Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, do 20 de abril, de Coordinación de Policía Local.

-O Anexo VII da Orde do 28 de xaneiro de 2009 pola que se determinan as probas de selección, temarios e baremos de méritos para o Ingreso, Promoción Interna e Mobilidade nos Corpos de Policía Local, para a integración dos vixiantes e auxiliares de Policía ou Interinos, para o acceso como vixiantes municipais e a contratación de auxiliares da Policía de Tempada

-Decreto 105/2008, do 8 de maio, polo que se crea e regula o Rexistro de Policía Local de Galicia.

-A Orde do 27 de xaneiro de 2009, pola que se desenvolve o Decreto 105/2008, do 8 de maio, polo que se crea e regula o Rexistro de Policía Local de Galicia.

-A Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.

-O Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro.

-Os artigos 21.1 g) e i), 91, 92, 100 a 102 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

-Regulamento Xeral de Ingreso do Personal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Civís da Administración Xeral do Estado, aprobado por Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo.

-Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local.

**TERCEIRA.- CONDICIÓN DE ADMISIÓN DOS ASPIRANTES.** En virtude do establecido no artigo 47 do Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, do 20 de abril, de Coordinación de Policía Local, para poder participar no proceso selectivo deberán de reunirse na data de presentación das solicitudes de participación e manterse ata a toma de posesión, os seguintes requisitos:

- Ter cumpridos dezoito anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa
- Ter a nacionalidade española ou dun Estado Membro da Unión Europea, así como tamén as persoas extranxeiras con residencia legal en España, nos termos previstos no artigo 52 da Lei 2/2015, do 29 de abril.
- Ter superada a educación secundaria obrigatoria, título de graduado escolar ou equivalente, correspondente ao grupo C, Subgrupo C2, do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro.
- Non ter sido despedido/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desenvolvemento de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder á mesma categoría profesional á que pertencía.
- Carecer de antecedentes penais por delito doloso

#### **CUARTA.-FORMA, PRAZOS DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E COMUNICACIÓN**

Os/As interesados/as dirixirán as solicitudes, no modelo oficial que se publica como Anexo destas bases e que tamén se facilitará nas Oficinas administrativas do Concello de Chantada e na súa páxina Web, ao Sr.Alcalde do Concello de Chantada, requirindo tomar parte nas correspondentes probas de selección, nas que os/as aspirantes farán constar que reúnen as condicións esixidas nas presentes bases xerais e nas bases específicas para a praza á que se opte.

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral deste Concello ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

As solicitudes que non se presenten no Rexistro Xeral do Concello, e se fagan a través doutros medios sinalados na Lei 39/2015, deberán comunicalo mediante correo electrónico: **persoal@concellodechantada.org**.

O prazo de presentación será de 5 días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

A solicitude de participación no proceso selectivo, deberá ser cumprimentada debidamente polos/as aspirantes.

Se o día en que finalice o prazo de presentación de instancias fose inhábil o prazo rematará o primeiro día hábil seguinte. Expirado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución no prazo máximo de 5 días hábiles, coa lista provisional de admitidos/as e excluídos/as. En devandita resolución, que se publicará no Taboleiro de edictos e na páxina web do Concello de Chantada, farase constar a causa da exclusión e concederá un prazo de tres días hábiles para que polos/as interesados/as se poidan formular reclamacións ou emendar os defectos que motiven a exclusión (non para alegar novos méritos non alegados até entón).

Finalizado o prazo de reclamacións e emendas, e resoltas as mesmas, a Autoridade ou órgano convocante elevará a definitivas as listas de admitidos e excluídos mediante Resolución que se publicará igualmente no Taboleiro de edictos e na páxina web do Concello de Chantada. Dita publicación servirá de notificación a efectos de impugnacións e recursos. Na mesma resolución indícarase a data, lugar e hora de comezo das probas.

Farase constar cos resultados de cada un dos exercicios, os sucesivos chamamentos e convocatorias, e en definitiva calquera decisión que adopte o Tribunal de selección e que deba coñecer o persoal aspirante até a finalización das probas selectivas, expóranse así mesmo no Taboleiro de edictos e na páxina Web do Concello.

Todas as notificacións que se realicen respecto ó presente procedemento de selección, levaranse a cabo exclusivamente, de acordo co establecido no art. 45 da Lei 39/2015, do 2 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das administracións públicas, a través de publicacións no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello de Chantada.

#### **QUINTA.- DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁ ACOMPAÑAR Á SOLICITUDE**

##### **5.1.- COPIA COTEXADA DO DNI OU PASAPORTE.**

Ademais, os/as aspirantes estranxeiros/as, deberán presentar documentos que acrediten que son nacionais da Unión Europea ou dalgúns dos Estados aos cales, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexan de aplicación á libre circulación de traballadores.

##### **5.2.- COPIA COTEXADA DA TITULACIÓN ESIXIDA EN CADA POSTO CONCRETO.**

##### **5.3.-COPIA COTEXADA DA TARXETA CO NÚMERO DE AFILIACIÓN Á SEGURIDADE SOCIAL.**

##### **5.4.- COPIA COTEXADA DO TÍTULO DE GALEGO ESIXIDO EN CADA POSTO CONCRETO.**

##### **5.5.- COPIA COTEXADA DO CARNÉ DE CONDUCIR, DE SER NECESARIO.**



**5.6.- DECLARACIÓN RESPONSABLE SEGUNDO O ANEXO.**

**5.7.- OS/AS ASPIRANTES CON DISCAPACIDADE DEBERÁN FACELO CONSTAR NA SOLICITUDE, CO FIN DE FACER AS ADAPTACIÓNS DE TEMPO E MEDIOS NECESARIOS, PARA GARANTIR A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES CO RESTO DOS ASPIRANTES.** Os interesados deberán formular petición expresa de participar no proceso de selección polo turno de discapacidade (cando este estivese previsto) debendo aportar o ditame técnico facultativo emitido polo órgano técnico de cualificación do grado de discapacidade, acreditando a/s deficiencia/s que deran orixe ó grado de discapacidade recoñecido, a efectos de que o tribunal poida valorar a procedencia ou non da concesión da adaptación solicitada.

**5.8.-CERTIFICADO MÉDICO ACREDITATIVO DE NON PADECER ENFERMIDADE OU DEFECTO FÍSICO QUE IMPIDA EXERCER A FUNCIÓN PROPIA A DESENVOLVER E DE ESTAR APTO PARA A REALIZACIÓN DAS PRÓBAS FÍSICAS CITADAS NA CONVOCATORIA.** No certificado médico deberase expresar claramente por parte do facultativo que o aspirante non padece enfermidade ou defecto físico que lle impida exercer a función propia de Auxiliar da Policía Local así como de estar apto para a realización das probas físicas citadas nas bases específicas da convocatoria.

**SEXTA.-TRIBUNAL DE SELECCIÓN.**

De acordo co establecido no artigo 59 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, en relación co artigo 60 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e de paridade entre mulleres e homes no conxunto das convocatorias da oferta de emprego público respectiva.

En ningún caso poden formar parte dos órganos de selección o persoal de elección ou de designación política, persoal funcionario interino ou laboral temporal, o persoal eventual, nin as persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ningún.

A composición do Tribunal será predominantemente técnica e os vogais deberán posuír titulación ou especialización iguais ou superiores ás esixidas para o acceso ás prazas convocadas; e estará constituído por:

**Presidente:** Un funcionario ou persoal laboral fixo dunha administración.

**Secretario:** Un funcionario da Corporación, que actuará con voz e sen voto.

**Tres Vogais:** Entre funcionarios ou persoal laboral fixo dunha administración.

Os órganos de selección actúan con plena autonomía no exercicio da súa discrecionalidade técnica e os seus membros son persoalmente responsables da transparencia e obxectividade do procedemento, da confidencialidade das probas e do estrito cumprimento das bases da convocatoria e dos prazos establecidos para o desenvolvemento do proceso selectivo. As dúbidas ou reclamacións que poidan orixinarse coa interpretación da aplicación das bases da presente convocatoria, así como o que deba facerse nos casos non previstos, serán resoltas polo Tribunal, por maioría.

O tribunal poderá dispor a incorporación, aos seus traballos, de asesores especialistas, quenes se limitarán ao exercizo das súas especialidades técnicas, que serán a única base da súa colaboración co órgano de decisión e que actuarán por tanto con voz pero sen voto.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo ao señor alcalde, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/15, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas.

O/A presidente/a do tribunal poderá requirir aos membros do mesmo, declaración expresa de non atoparse incurso en causa de abstención nas circunstancias previstas nos citados artigos da Lei 40/15. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran as circunstancias previstas no presente parágrafo.

O tribunal non poderá actuar ou constituírse sen a presenza polo menos de tres dos seus membros con dereito a voto, sendo imprescindible en todo caso a asistencia do/a presidente/ e do/a secretario/a. O tribunal actuará con suxeición ás bases de convocatoria, quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación.

O Tribunal de selección constituirase na data que designe o Sr. Alcalde. Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo.

Pagamento de asistencias e gastos de desprazamento dos membros do Tribunal:

Os membros do Tribunal de selección, así como os asesores ou colaboradores que puideran incorporarse a este, so terán dereito, pola súa concorrencia ás distintas sesións que se produzan en distintos días, a percibir as

axudas de custo por asistencia de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sempre e cando exista una proba no proceso de selección.

#### **SÉTIMO.-SISTEMA DE SELECCIÓN E FASE DE OPOSICIÓN:**

O sistema de selección será o de oposición.

#### **FASE DE OPOSICIÓN:**

**Probos.**-Consistirá na realización das probas previstas nas bases específicas.

**Puntuación.**-A puntuación das persoas aspirantes que superen todas as probas do proceso virá determinada pola puntuación acadada no primeiro exercizo (avaliación de coñecementos).

**Sistema de desempate.**-Tendo en conta que nos corpos da policía local de Galicia existe infrarrepresentación feminina, no suposto de empate nas puntuacións de dous ou mais aspirantes, acodirase aplicando por orde os seguintes criterios ata que se resolva:

1º) Criterio de desempate recollido no artigo 49 do Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, segundo o cal o empate resolverase a favor da muller.

2º) Maior altura acadada na proba de potencia tren superior, salto vertical.

3º) Menor tempo rexistrado na proba de resistencia xeral.-Carreira de 1000 metros lisos.

4º) En último lugar, de persistir o empate, dirimirase por sorteo entre os aspirantes con puntuación empatada.

Os/as aspirantes serán convocados/as en chamamento único, sendo excluídos/as da oposición quen non compareza, salvo causa de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada polo Tribunal. En calquera momento o Tribunal poderá requirir aos opositores para que acrediten a súa personalidade. Os/as candidatos/as deberán acudir provistos do DNI ou, na súa falta, pasaporte ou carné de conducir.

#### **OITAVA.- RELACIÓN DE APROBADOS E PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.**

Establecida a puntuación final de cada aspirante, elaborárase un listado dos mesmos basándose na súa puntuación e por orde decrecente, resultando aprobados os que, tendo en conta o número de prazas, obtiveran as notas mais altas e unha vez resoltos os empates, de ser o caso, segundo o establecido na base anterior, elevándose ao órgano competente a proposta de candidatos.

O/A aspirante proposto/a presentará no Rexistro Xeral do Concello de Chantada a seguinte documentación e que non teña sido presentada xunto coa solicitude.

-Fotocopia do DNI, que se deberá presentar acompañada do orixinal para a súa compulsa.

-Declaración xurada de non ter sido separados/as do servizo das administracións públicas e non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.

-Copia autenticada ou fotocopia (que se deberá presentar acompañada do orixinal para a súa compulsa) do título académico esixido ou certificación académica dos estudos realizados.

-Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social e número de conta bancaria.

O prazo de presentación será de 2 días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación da proposta de selección no taboleiro de edictos, prazo que non poderá ser obxecto de ampliación en ningún caso.

#### **NOVENA.-LISTA DE RESERVA e BOLSA DE EMPREGO-Constitución e funcionamento.**

**9.1.-Lista de reserva.**-Ao abeiro do establecido no artigo 19 do Decreto 15/2023 do 12 de xaneiro, o Tribunal elaborará, tamén por orde decrecente de puntuación unha lista de reserva, na que figurarán aquelas persoas que, aínda que tivesen superado as probas do proceso selectivo, non resulten aprobadas por obter unha puntuación de ordinal inferior ao número de prazas convocadas.

Para o caso de renuncia, falecemento, falla de xustificación dos requisitos para o nomeamento, incapacidade absoluta sobrevida ou outros supostos polos que unha persoa aspirante aprobada non chege a tomar posesión e sempre con anterioridade ao desenvolvemento do curso selectivo correspondente, no seu caso, o órgano convocante deberá sustituila pola seguinte aprobada na orde de puntuación da lista de reserva.

**9.2.-Bolsa de Emprego.**-Tódalas persoas que superen o proceso de selección serán incluídas nunha bolsa de emprego para os futuros nomeamentos que resulten precisos, e serán chamados seguindo a orde establecida na listaxe correspondente.

A vixencia da bolsa de traballo rematará o día 31 de decembro de 2023

A renuncia ou nomeamento como auxiliar da Policía Local non dará lugar á exclusión da Bolsa de Emprego, pero ocasionará a remoción na listaxe, pasando a ocupar o último lugar.

Naqueles casos que os aspirantes rexeiten o nomeamento alegando causas xustificadas (enfermidade, exame, maternidade, ou calquera outra legalmente establecida) manteranse na orde orixinarmente ocupada na bolsa. Esta circunstancia deberá de probarse por calquera medio admisible en dereito.

A renuncia durante a vixencia do nomeamento, dará lugar á eliminación definitiva da bolsa. As persoas incluídas na Bolsa de Traballo deberán presentar datos persoais abondo que permitan a súa rápida localización, sendo responsables de que estean actualizados en todo momento. Unha vez realizado o intento de localización, mediante comunicación telefónica ou e-mail, se non fora posible o contacto en corenta e oito horas, acodirá a persoa seguinte. Se se opta pola comunicación telefónica, realizaranse alomenos tres intentos de contacto entre as 9:00 e as 14:00 horas, cun intervalo mínimo de sesenta minutos entre cada chamada. A persoa integrante da Bolsa de Emprego que reciba proposta de nomeamento, nos termos descritos anteriormente, deberán proceder á aceptación ou rexeitamento nun período máximo de 24 horas, agás circunstancias excepcionais de forza maior que haberán de ser probadas.

#### **Nomeamento:**

Os aspirantes que compoñan a bolsa de traballo e cumpran os requisitos establecidos nestas bases poderán ser nomeados Auxiliares da Policía Local do Concello de Chantada.

#### **DÉCIMA.- PERSOAS CON DISCAPACIDADE.**

Reservarase unha cota do sete por cento das vacantes para ser cubertas entre persoas con discapacidade, considerando como tales as definidas no apartado 2 do artigo 4 do texto refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, sempre que superen os procesos selectivos e acrediten a súa discapacidade e a compatibilidade co desempeño das tarefas.

A reserva do sete por cento realizarase de maneira que, polo menos, o dous por cento das prazas ofertadas o sexa para ser cubertas por persoas que acrediten discapacidade intelectual e o resto das prazas ofertadas o sexa para persoas que acrediten calquera outro tipo de discapacidade.

Cada Administración Pública adoptará as medidas precisas para establecer as adaptacións e axustes razoables de tempos e medios no proceso selectivo e, unha vez superado devandito proceso, as adaptacións no posto de traballo ás necesidades das persoas con discapacidade.

#### **DECIMO PRIMEIRA.- INCIDENCIAS E RECURSOS.**

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Así mesmo, a Xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato laboral será a Xurisdición Social.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpor polo interesados recurso de reposición no prazo dun mes ante a Alcaldía, previo ao contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo ou á súa elección, o que lle corresponda ao seu domicilio, a partir do día seguinte ao de publicación do seu anuncio no Boletín Oficial da Provincia. (artículo 46 da Lei 29/1988, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa)

No non previsto nas bases será de aplicación o establecido na Lei 4/2007 do 20 de abril de Coordinación das Policía Local, o Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, de coordinación das policía locais; o Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; a Orde de 28 de xaneiro de 2009, pola que se determinan as probas de Selección, Temarios e Baremos de Méritos para o Ingreso, Promoción Interna e Mobilidade nos Corpos de Policía Local, para a integración dos Vixiantes e Axiliares de Policía e Interinos, para acceso como vixiantes municipais e a contratación de Auxiliares de Policía de Tempada e o Regulamento Xeral de Ingreso do Personal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e a Provisión de postos de traballo e promoción profesional dos Funcionarios Civís da Administración Xeral do Estado, aprobado por Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo.

#### **BASES ESPECÍFICAS E ANEXOS AS BASES XERAIS PARA A SELECCIÓN E CONTRATACIÓN DE DOUS/DUAS AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL POR UN PERIODO DE CATRO MESES PARA O EXERCIZO 2023.**

#### **PRIMEIRA.- SISTEMA DE SELECCIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PROCESO:**

O sistema de selección será o de oposición e comprenderá as seguintes probas, citadas pola orde que se deberán de desenvolver:

**1.1.-Primeira Proba.-Avaliación de coñecementos.**-A proba de avaliación dos coñecementos dos/as aspirantes deberá mostrar o dominio dos contidos do temario. (Anexo I)

Esta proba consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 50 preguntas tipo test, con 4 alternativas de resposta cada unha, que serán propostas polo tribunal.-Os aspirantes disporán dun tempo máximo dunha hora e media para a súa realización.

As probas calificaranse polo tribunal de cero a dez puntos, sendo preciso acadar cinco puntos como mínimo, para non quedar eliminado/a.-A calificación farase atendendo á seguinte fórmula  $N=(A-F/3)/5$ , sendo N= nota final da proba; A=preguntas acertadas; F= preguntas falladas ou non respondadas.

**1.2.-Segunda Proba.-Avaliación de coñecementos da lingua galega.**-Nesta proba as persoas aspirantes deberán demostrar que comprenden, falan e escriben correctamente o galego.-Este exercizo consistirá na tradución dun texto do castelán ao galego e outro texto a traducir do galego ao castelán, dos que poderá ser solicitada a súa lectura polo tribunal e sobre dos que se poderán formular preguntas.- Os téxtos obxecto de tradución serán elixidos polo tribunal inmediatamente antes de celebrarse a proba.-Esta proba terá unha duración máxima de hora e media.-Este exercizo calificarase como apta/o ou non apta/o e para superalo haberá de obter o resultado de APTO/A

Non obstante, aquelas persoas que estean en posesión do título **Celga 3** ou equivalentemente, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 17 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais xustificativos dos niveis de coñecementos da lingua galega, ou norma que a substitúa, estarán exentas da realización desta proba, que se lles dará por superada coa calificación de APTO/A.

**1.3.-Terceira proba.-Aptitude física.**-Nestas probas as persoas aspirantes deberán demostrar as súas capacidades de forza, resistencia, axilidade, flexibilidade e velocidade para as funcións que teñen que desenvolver por esta orde:

**1.3.1.-Potencia do tren inferior: Salto vertical.** Realizarase a poder ser nun ximnasio ou lugar semellante co chan horizontal e cunha parede vertical e lisa.

O aspirante colocarse en posición de partida, en pé, de lado cara a unha parede vertical, cun brazo totalmente estendido cara arriba e sen levantar os talóns do chan e marcará cos dedos a altura que alcanza nesa posición. O exercizo executarase, separándose 20 cm da parede e saltando tan alto como poida, marcando novamente cos dedos o nivel acadado.

Para a correcta realización da proba deberanse de observar as seguintes regras:

1ª.-Podense mover os brazos e flexionar o tronco e os xeonllos, pero non se pode separar do chan ningunha parte dos pes denantes de saltar.

2ª.-Hay que realizar o salto cos dous pes ao mesmo tempo.

3ª.-Permitense dous intentos, só aos aspirantes que fagan nulo no primeiro.

4ª.-A distancia entre a marca feita dende a posición de partida e a conseguida co salto, deberá de ser igual ou superior á mínima (en centímetros) establecida no seguinte cadro para cada sexo e grupo de idade.

5ª.-Duración da proba.-Hora e media.

	18-36 anos	37-48 anos	49 anos ou mais
Homes	41 cm	33 cm	29 cm
Mulleres	32 cm	28 cm	25 cm

**1.3.2.-Resistencia xeral: carreira de 1.000 metros lisos.** Realizarase en pista de atletismo ou en calquera zona totalmente plana de terreo. O/A aspirante colocarse na pista no lugar indicado. A posición de saída realizarase de pé. Só se permitirá un intento. O/A aspirante que abandone a carreira quedará excluído. Esta proba terá unha duración máxima de unha hora.

A proba consistirá en correr unha distancia de 1000 metros no tempo máximo (en minutos) que se recolle na seguinte tabla por cada sexo e grupo de idade:

	18-36 anos	37-48 anos	49 anos ou mais
Homes	4':30"	5':00"	5':15"
Mulleres	5':00"	5':30"	5':45"

**SEGUNDA.-CALIFICACIÓN DAS PROBAS**

**2.1.-Calificación das Probas Físicas.**-Estas probas físicas calificaranse de apto/non apto. Para obter a calificación de apto os aspirantes deberán de conseguir as marcas mínimas e non superar as máximas que se establecen para cadansúa proba concreta.

**2.2.-Orde de actuación das persoas aspirantes.** Ao abeiro do establecido na Resolución do 23 de xaneiro de 2023 pola que se fai público o sorteo a que se refire o Regulamento de Selección de personal da Administración Autónoma de Galicia DOGA n.º 18 do 26 de xaneiro de 2023, a orde de actuación das persoas aspirantes nos procesos de selección para o ingreso na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia que deriven da oferta de emprego público correspondente ao ano 2023 comezarán por aquelas cuxo primeiro apelido comece pola letra “V”

**2.3.-Realización das probas.**-Deberán de transcorrer entre proba e proba un prazo mínimo de dous días.

**TERCEIRA.-CURSO SELECTIVO E CONTRATACIÓN**

De acordo co establecido no artigo 49 do Decreto 15/2023 para poder exercer as funcións de auxiliar de policía local será requisito indispensable ter superado un curso de formación, que a tal efecto programará e desenvolverá a Academia Galega de Seguridade Pública, que determinará a duración, estrutura e contidos relacionados coas funcións de apoio e auxilio ao personal funcionario de policía, no marco do disposto na lexislación de forzas e corpos de seguridade.

Este curso terá unha validez de catro anos naturais, incluído o ano no que se houberse realizado, que deberá renovarse transcorrido dito prazo.

**CUARTA.-Tratamento de datos de carácter persoal.**-Aos aspirantes informaráselles acerca do tratamento dos seus datos persoais e do compromiso de confidencialidade con ocasión da relación que se entabla co Concello.

Chantada, a 17 de maio de 2023.- O Alcalde, Manuel L. Varela Rodríguez.

**ANEXOS****ANEXO I TEMARIO**

1. O municipio. Concepto e elementos. Competencias municipais. A organización e funcionamento do municipio. O Pleno. O alcalde. A Xunta de Goberno Local. Outros órganos municipais.
2. Ordenanzas, regulamentos e bandos. Clases e procedemento de elaboración e aprobación.
3. A licenza municipal. Tipos. Actividades sometidas a licenza. Tramitación.
4. Lei de coordinación das policía locais de Galicia e normas de desenvolvemento. Réxime disciplinario: disposicións xerais e faltas disciplinarias.
5. A actividade da policía local como policía administrativa I: Consumo. Abastos. Mercados. Venda ambulante. Espectáculos e establecementos públicos.
6. A actividade da policía local como policía administrativa II: Urbanismo. Infraccións e sancións. A protección ambiental: prevención e calidade ambiental, residuos e disciplina ambiental.
7. Delitos e delitos leves. Circunstancias modificativas da responsabilidade criminal. Persoas responsables: autores e cómplices.
8. Delitos contra a seguraza viaria. Faltas cometidas con ocasión da circulación de vehículos de motor. Lesións e danos imprudentes.
9. Lei de seguraza viaria. Regulamentos de desenvolvemento. Estrutura e conceptos xerais.
10. Normas xerais de circulación: lugar na vía, velocidade, prioridade de paso, cambios de dirección e sentido. Adiantamentos. Parada e estacionamento. Vehículos e transportes especiais. Cinto e casco de seguraza.
11. Circulación por zonas peonís. Comportamento en caso de emerxencia. Sinais de circulación. Clasificación e orde de prioridade. Carencia do seguro obrigatorio.
12. A policía como servizo público. A policía local como policía de proximidade e de servizo. O auxiliar de policía e as súas funcións. Responsabilidades do auxiliar de policía.

## ANEXO II.-MODELO DE INSTANCIA

D./D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_, con DNI núm. \_\_\_\_\_,  
 número de teléfono \_\_\_\_\_, con domicilio a estes efectos en  
 \_\_\_\_\_,  
 \_\_\_\_\_, e dirección de correo electrónico \_\_\_\_\_, expón:

Que, unha vez informado/a da convocatoria feita polo Concello de Chantada para cubrir, como persoal laboral de duración determinada, dúas prazas de auxiliar de policía local durante un período de catro meses no ano 2023.

Tendo en conta que reúne os requisitos previstos nas bases da convocatoria, solicita participar no proceso selectivo para o que achego a documentación sinalada con unha (X):

- Copia cotexada da titulación esixida.
- Copia cotexada do título de galego.
- Copia compulsada do DNI ou documento que proceda no suposto de estranxeiros.
- Copia cotexada do carné de conducir, se procede
- Declaración responsable
- Copia cotexada da tarxeta co número de afiliación á seguridade social.
- Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida exercela función propia a desenrolar e de estar apto para a realización das probas físicas citadas na convocatoria.
- Outra: .....

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2023.

O/A Solicitante

Asdo. \_\_\_\_\_

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CHANTADA

**ANEXO II. MODELO DE DECLARACIÓN XURADA**

D./D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_, con DNI núm. \_\_\_\_\_,  
 número de teléfono \_\_\_\_\_, con domicilio a estes efectos en  
 \_\_\_\_\_,  
 \_\_\_\_\_, e dirección de correo electrónico \_\_\_\_\_,

DECLARA baixo xuramento ou promete, aos efectos de ser admitido/a no proceso selectivo para o ingreso na lista previa na categoría de auxiliar de policía local, convocada polo Concello de Chantada e, no seu caso, aos efectos da formalización do correspondente contrato de traballo:

\_\_\_\_ Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

\_\_\_\_ Non ter sido condenado/a por delito doloso, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas, nin separado/a de o servizo das administracións públicas por expediente disciplinario ou resolución xudicial. Será aplicable, con todo, o beneficio de rehabilitación, segundo as normas penais e administrativas, que o aspirante deberá acreditar mediante o correspondente documento oficial.

\_\_\_\_ No caso do persoal laboral, non ter sido despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía. No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

\_\_\_\_ Non atoparse incurso/a nas causas de incapacidade previstas na lexislación vixente.

\_\_\_\_ Cumprir cos requisitos esixidos na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2023.

O/A Solicitante

Asdo. \_\_\_\_\_

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CHANTADA**



Chantada, a 17 de maio de 2023.- O Alcalde, Manuel L. Varela Rodríguez.

R. 1543

## GUNTÍN

### Anuncio

#### **CONVOCATORIA DE EMPREGO: 2 PEÓNS ALBANEIS. PLAN UNICO 2022**

O Concello de Guntín por Resolución de Alcaldía de data 15.05.2023 aprobou a convocatoria e por Resolución de Alcaldía de data.15.05.2023 aprobou as bases para seleccionar 2 **PAZAS DE PEÓNS ALBANEIS**.

- Modalidade de contratación: a modalidade do contrato será laboral temporal, na modalidade de circunstancias da produción ao amparo do Real Decreto-Lei 32/2021.
- Duración: 5 meses
- Xornada: completa
- Salario: a retribución mensual bruta será de 1.260,00 € incluído o rateo das pagas extra.
- Funcións: propias de peón albaneis segundo se recolle nas bases.
- Prazo para presentación de solicitudes: **5 días hábiles** a partir da publicación do presente anuncio no **BOP DE LUGO**

No caso de solicitudes por correo, rógase aviso por fax ao 982 32 00 88.

As bases atópanse dispoñibles en:

- páxina web: : [www.guntin.es](http://www.guntin.es)
- oficinas xerais do Concello de Guntín.
- no taboleiro de anuncios do Concello de Guntín

Guntín, 16 de maio de 2023.- A Alcaldesa, María José Gómez Rodríguez.

R. 1544

## A PASTORIZA

### Anuncio

Concluído o proceso libre excepcional para a consolidación e estabilización como persoal laboral fixo discontinuo de tres peóns da brigada de limpeza e mantemento da rede viaria municipal do concello, incluídos na oferta de emprego público aprobada por Resolución de Alcaldía de data 25 de maio de 2022 e publicada no Boletín Oficial da Provincia número 122 de 30 de maio de 2022, por Resolución de Alcaldía núm 2023-81 de data 28/04/2023 se acordou a contratación como persoal laboral fixo discontinuo dos seguintes:

APELIDOS E NOME	DNI
SECO CORNIDE VALENTÍN	***2536**
SECO CORNIDE JOSE LUIS	***0387**
CORBELLE ARES JOSÉ	***7732**

A Pastoriza, 16 de maio de 2023.- O Alcalde-Presidente, Primitivo Iglesias Sierra.

R. 1545

### Anuncio

Concluído o proceso de selección para a cobertura en propiedade de tres prazas de peón da brigada de servizos básicos do concello, persoal laboral fixo, incluídas na oferta de emprego público aprobada por Resolución de

Alcaldía de data 25 de maio de 2022 e publicada no Boletín Oficial da Provincia número 122 de 30 de maio de 2022, por Resolución de Alcaldía núm 2023-80 de data 28/04/2023 se acordou a contratación como persoal laboral fixo dos seguintes:

APELIDOS	NOME	DNI
IGLESIAS GARCÍA	MIGUEL ANGEL	**3227**
BRAÑA GARCIA	ANTONIO	**5481**
GRANDIO PAZ	MARIO	**3216**

A Pastoriza, 16 de maio de 2023.- O Alcalde-Presidente, Primitivo Iglesias Sierra.

R. 1546

## RÁBADE

### Anuncio

Por resolución do Alcalde do Concello de Rábade de data **12 de maio** prestouse aprobación ao Padrón da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes **de abril de 2023**, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Rábade, a 12 de maio de 2023.- O Alcalde, Francisco Xosé Fernández Montes.

R. 1547

## RIBADEO

### Anuncio

**Expediente núm. 5077/2022**

**Resolución de Alcaldía núm. 2023-0473 do Concello de Ribadeo pola que, concluído o procedemento selectivo de estabilización de emprego se nomea persoal para cubrir os postos que se sinalan:**

Por Resolución de Alcaldía núm. 2023-0473 de data 15 de maio de 2023, una vez concluído o proceso selectivo de estabilización de emprego, efectuouse o nomeamento de:

Identidade	DNI/NIF
Monteserín Gómez, Mauricio	**5956**

**Características da praza:**

Servizo/Dependencia	Servizos de vialidade. Mº Ambiente
Ide. Posto	0711 RPT
Denominación do posto	Conductor
Natureza	Laboral fixo

Nomeamento	15/05/2023
Escala	Administración Especial
Subescala	Conductor
Clase/Especialidade	Servizos Especiais
Grupo/Subgrupo	Equiparado "C2" .

O que se fai público aos efectos do artigo 62 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, e artigo 25.2 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo.

Ribadeo, 16 de maio de 2023.- O ALCALDE, FERNANDO SUAREZ BARCIA.

R. 1548

### Anuncio

#### Expediente núm. 5079/2022

**Resolución de Alcaldía núm. 2023-0474 do Concello de Ribadeo pola que, concluído o procedemento selectivo de estabilización de emprego se nomea persoal para cubrir os postos que se sinalan:**

Por Resolución de Alcaldía núm. 2023-0474 de data 15 de maio de 2023, una vez concluído o proceso selectivo de estabilización de emprego, efectuouse o nomeamento de:

Identidade	DNI/NIF
G´mez Luaces, David	**5389**

#### Características da praza:

Servizo/Dependencia	Servizos de vialidade. Mº Ambiente
Ide. Posto	0716 RPT
Denominación do posto	Conductor mecánico
Natureza	Laboral fixo
Nomeamento	15/05/2023
Escala	Administración Especial
Subescala	Conductor mecánico
Clase/Especialidade	Servizos Especiais

Grupo/Subgrupo	Equiparado “C2” .
----------------	-------------------

O que se fai público aos efectos do artigo 62 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, e artigo 25.2 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo.

Ribadeo, 16 de maio de 2023.- O ALCALDE, FERNANDO SUAREZ BARCIA.

R. 1549

## RIBEIRA DE PIQUÍN

### *Anuncio*

Por Resolución da Alcaldía núm. 2023/138, de data 11 de maio, prestouse aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de abril de 2023, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Ribeira de Piquín, 11 de maio de 2023 – O Alcalde, Roberto Fernández Rico.

R. 1550

### *Anuncio*

Por Resolución da Alcaldía núm. 2023/139, de data 11 de maio, prestouse aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do Servizo de Centro de Día correspondente ao mes de abril de 2023, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Ribeira de Piquín, 11 de maio de 2023 – O Alcalde, Roberto Fernández Rico.

R. 1551

## XERMADE

### *Anuncio*

#### **Aprobación definitiva do expediente de modificación de créditos núm. 2023/SC/02.**

Tendo sido definitivamente aprobado polo Pleno deste Concello o expediente de suplemento de crédito 2023/SC/02, por importe de 86.106,24 euros, por acordo adoptado na sesión celebrada o 13 de abril de 2023, e polo transcurso do prazo de 15 días de exposición ao público sen que se presentaran alegacións, en cumprimento do disposto no artigo 169.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, publícase o resumo de dito orzamento a nivel de capítulos, unha vez efectuada a oportuna modificación, quedando como se detalla:

#### **ESTADO DE GASTOS**

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	CONSIGNACIÓN ANTERIOR	CONSIGNACIÓN DEFINITIVA
<b>A) OPERACIÓNS CORRENTES</b>			
1	Gastos de persoal	576.299,93	576.299,93

2	Gastos en bens correntes e servicios	1.498.187,22	1.506.352,72
3	Gastos financeiros	1.000,00	1.000,00
4	Transferencias correntes	52.690,90	52.690,90
<b>B) OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>			
6	Investimentos reais	441.145,23	519.085,97
7	Transferencias de capital	53.492,80	53.492,80
<b>TOTAL GASTOS</b>		<b>2.622.816,08</b>	<b>2.708.922,32</b>

Xermade, 16 de maio de 2023.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 1553

## MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO CANTÁBRICO, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

*Anuncio*

### INFORMACIÓN PÚBLICA DE CONCESIONES OTORGADAS.

**EXP A/27/22642**

De acordo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real Decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30) y sus posteriores modificaciones, se hace público para general conocimiento que, como resultado de los expedientes incoados al efecto, por resolución de la Confederación Hidrográfica del Cantábrico han sido otorgadas las siguientes concesiones para aprovechamiento de agua:

Expediente	Titular	Concesión otorgada	Fecha resolución
A/27/22642	Canteira Ferradal, S.L.	Aprovechamiento del agua del arroyo A Rega da Pía en A Proba de Buron, T. M. de A Fonsagrada (Lugo), con destino a usos industriales en cantera, humectación de viales y riego de arbolado	14/04/2023

EL TITULADO SUPERIOR DE GESTIÓN Y SERVICIOS COMUNES, Pedro Granda Rodríguez.

R. 1554

## CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

*Anuncio*

### INFORMACIÓN PÚBLICA

EXPEDIENTE DE VERTIDO DE AGUAS RESIDUALES.

EXPEDIENTE : **V/27/01595**

PETICIONARIO : David Iglesia Villamel

VERTIDO

DENOMINACIÓN: Vivienda en As Fontes nº1

LOCALIDAD : As Fontes nº1 Reigada (San Salvador)

TÉR.M. MUNICIPAL: A Pastoriza

PROVINCIA : Lugo  
RÍO/CUENCA : Pequeño\*\*\*\*\* /Pequeño\*\*\*\*\*

El vertido cuya autorización se solicita corresponde a las aguas residuales urbanas de "Vivienda en As Fontes nº1" - "David Iglesia Villamel", con un volumen máximo anual de 186 m3.

Las instalaciones de depuración constan básicamente de los siguientes elementos:

- Fosa con filtro biológico.
- Arqueta de toma de muestras.
- Zanja filtrante.

Lo que se hace público para general conocimiento, por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O. A. durante el plazo indicado.

El expediente de vertido estará de manifiesto en las Oficinas de esta Comisaría de Aguas en Lugo (Ronda da Muralla, 131, 2º).

Teniendo en cuenta la situación actual en lo que respecta a la exposición a coronavirus y a los riesgos sanitarios derivados por el contagio de la COVID-19, para acceder al expediente de forma presencial, se deberá de SOLICITAR CITA PREVIA y respetar en todo momento la MEDIDAS DE SEGURIDAD que establezcan las autoridades sanitarias y las instrucciones del personal del Organismo.

EL JEFE DE ÁREA DE GESTIÓN MEDIOAMBIENTAL, CALIDAD DEL AGUA Y VERTIDOS, Diego Fompedriña Roca.

R. 1555

---

*Anuncio*

**PROYECTO CONSTRUCTIVO DE NUEVA EDAR Y EMISARIO PARA EL POLÍGONO INDUSTRIAL DE REBOREDO, T. M. DE MONFORTE DE LEMOS (LUGO), PDM MIÑO-SIL ES010\_2\_ALCH0SBET29UR2024.**

**CLAVE: M1.327-033/2111**

**INFORMACIÓN PÚBLICA**

Por Resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., de fecha 15 de mayo de 2023, se ha acordado someter a información pública los documentos relativos a las obras del asunto, que a continuación se relacionan y a los efectos que igualmente se expresan:

- Proyecto, a los efectos previstos en el artículo 83 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del procedimiento administrativo común de las administraciones públicas.
- Relación de bienes y derechos afectados, a los efectos previstos en el art. 18 de la Ley de 16 de diciembre de 1954 sobre Expropiación Forzosa y de los artículos 17 y 18 del Decreto de 26 de abril de 1957 por el que se aprueba el Reglamento de la Ley de Expropiación Forzosa. Se incluye como anexo al presente documento.

Los referidos documentos estarán publicados en la web oficial de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A, para que puedan ser examinados por quienes lo deseen y formular las alegaciones u observaciones que consideren oportunas, sobre el contenido de los mismos, durante el plazo de veinte días hábiles, contados a partir del día siguiente de la publicación del presente anuncio en el último de los Boletines Oficiales en que se ha de publicar, Boletín Oficial del Estado y Boletín Oficial de la Provincia de Lugo. Además quienes lo deseen podrán consultarlo en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., pudiendo solicitar cita previa en el número de teléfono 988 399 422.

Además de lo anterior la relación de bienes y derechos afectados estará expuesta en el Ayuntamiento de Monforte de Lemos.

Ourense, a 16 de mayo de 2023.- EL PRESIDENTE DE LA CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DEL MIÑO-SIL, O.A., José Antonio Quiroga Díaz.

R. 1556

**NOTARÍA***Anuncio*

JUAN JOSÉ LÓPEZ YÁÑEZ, NOTARIO DEL ILUSTRE COLEGIO DE GALICIA CON RESIDENCIA EN SARRIA,

**HAGO CONSTAR**

Que en esta Notaria de Sarria, sita en la calle Gran Vía, nº9-11 Bajo se tramita ACTA DE PARTICIÓN CONFORME A LA LEY GALLEGA, con el fin de proceder a la partición de la herencia de la causante DOÑA MERCEDES MARTINEZ LOPEZ.

Que entre los herederos de la citada causante se encuentran los siguientes herederos con domicilio desconocido en España:

DON YORDI LOPEZ AMEDO

DON OSCAR LOPEZ AMEDO

DON AURELIO AMEDO MARTINEZ (HEREDEROS).

Que se le comunica a dichos interesados así como a cualquiera que tenga interés en dicha herencia lo siguiente:

Durante un plazo que finalizará en treinta días hábiles desde la publicación del presente EDICTO podrán los interesados comparecer en mi Notaría, sita en la calle Gran Vía, nº9-11bajo de Sarria (Lugo), en horas de despacho, para oponerse a la tramitación de la misma, proponer nuevos contadores-partidores o alegar lo que estimen oportuno en defensa de sus derechos.

Sarria, 16 de mayo de 2023.- El Notario, Juan José López Yáñez.

R. 1552